

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	DODRO
Edificio	Igrexa de Santa María de Dodro
Dirección	Lugar Igrexa, 96. 15981
	42.717193 -8.688201
Protección	
Descrición	<p>Esta igrexa ten un grande interese como exemplo de parroquial rural proxectada por Simón Rodríguez por mor da peculiar solución de cuberta en forma de vieira ou cuncha nas dependencias laterais da capela maior e, tamén, polo retablo principal (de 1740) de deseño e talla compostelán, o cal tamén pode atribuírse con toda seguridade a Simón Rodríguez. Ten planta en cruz latina, con nave única de dous tramos, situándose sobre o último a tribuna. Cruceiro cun tramo e capela maior rectangular. Detrás do presbiterio atópase a sacristía, tamén de planta rectangular. A nave da igrexa e o presbiterio cubríase cunha bóveda de canón, ó igual que os brazos do cruceiro, onde se emprega a bóveda de aresta. Os nichos da capela maior se pechan con bóveda en forma de grandes vieiras. En canto a fachada principal, responde ó mesmo criterio de sinxeleza que o interior. A porta ten unha grande riqueza de molduras e está coroada por un frontón triangular interrompido por unha fornela en forma de vieira que preside a imaxe da Asunción. No lado norte levántase a torre-campanario, de base cuadrangular e triplo corpo, pechándose en planta octogonal rematado nunha pequena cúpula con nervios sobresaíntes. Todo elo responde a unha libre interpretación do deseño de Simón Rodríguez. A igrexa foi restaurada no ano 1992, co arranxo da bóveda e do tellado e a colocación dun novo piso de pedra.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	1
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / PATRIMONIOGALEGO.NET
Data	29-08-2022

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	Menor.	BLANCO PAZ, FELIPE	1827	79	285

Torre-campanario	Maior.	LISTE PEREIRAS, JUAN (PARROQUIA DE ORAZO)	1869	95	496
------------------	------------------------	---	------	----	-----

Información completa: [Igrexa de Santa María de Dodro - DODRO \(GALICIA\)](#)

PDF (07-06-2026)